



CONCURSO DE CARTEIS  
FESTIVAL NIGRANJAZZ

*Quim Alzore's*

BASES 2014

## **BASES 2014**

O obxecto deste certame é seleccionar un cartel para empregar na difusión do Festival Nigrán Jazz, organizado polo Concello de Nigrán (Pontevedra), que desde o ano 2010 está adicado á memoria do artista nigranés, Quin Alborés, gran amante do jazz e impulsor do festival desde o seu comezo, deseñando el mesmo os tres primeiros carteis.

### **I.- TEMA**

O Concello de Nigrán busca un cartel que teña como tema o mundo do jazz e a súa estética

### **II.- PARTICIPACIÓN**

Neste concurso poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas da Comunidade Autónoma de Galicia maiores de 18 anos que o desexen, podendo presentar cada unha delas un máximo de dúas obras, coa condición indispensable de ser inéditas.

### **III.- FORMATO E ENTREGA**

Os orixinais se realizarán en formato vertical, en tamaño A2 (594x420 mm) e se presentarán sen sinatura alguna, nun arquivo .jpeg ou .pdf, mediante correo electrónico, dirixido ao correo electrónico comunicacion@nigran.org. O correo deberá ter como remitente un pseudónimo e como asunto CONCURSO DE CARTEIS NIGRÁN JAZZ 2014. O arquivo adxunto non deberá superar os 3 Megabytes de peso, e irá nomeado co lema da obra + guión baixo + pseudónimo + guión baixo + teléfono de contacto.

De non cumprir algunha destas condicións o cartel será descalificado inexorablemente.

Exemplo:

Remitente: salomonico@gmail.com

Asunto: CONCURSO DE CARTEIS NIGRÁN JAZZ 2014

Nome do arquivo: unhanoitedejazz\_salomonico\_986354885.jpeg

## **VII.- PREMIOS**

Establécese un único premio para o cartel gañador de 500 euros.

O traballo premiado será o que se empregue para a difusión do VIII Festival Nigrán Jazz .

O premio poderá ser declarado deserto. Neste caso, o Concello de Nigrán resolverá a edición do cartel polos seus propios medios. A obra gañadora pasará a ser propiedade do Concello de Nigrán, tendo todos os seus dereitos sobre ela.

O premio estará suxeito á normativa fiscal.

## **VIII.- EXPOSICIÓN**

O Concello de Nigrán resérvase o dereito a publicar na súa páxina Web e difundir por calquera outro medio todas as obras presentadas ao concurso.

## **IX.- XURADO**

Estará composto por:

Manuel Fernandez Alborés, profesor de fotografía e irman de Quin Alborés.

Felipe Villar, músico, organizador do Festival Nigranjazz e amigo de Quin Alborés.

Pedro Figueras, deseñador gráfico, amigo e socio de Quin Alborés.

Natalia Gomes, publicitaria e amiga de Quin Alborés.

Eliana Forti, xornalista.

O Concello de Nigrán e o xurado do concurso estarán facultados para resolver as eventualidades que poidan xurdir, non previstas nestas bases. O faio do xurado será inapelable.

O xurado valorará aspectos coma a calidade artística, lexibilidade ou impacto visual.

## **X.- ACEPTACIÓN**

A participación neste concurso supón a aceptación absoluta destas bases.

Máis información no Concello de Nigrán, no teléfono 986 36 50 00 ou a través do correo electrónico [comunicacion@nigran.org](mailto:comunicacion@nigran.org).

#### IV.- TEXTO E CONTIDOS

Os carteis deberán levar obrigatoriamente os seguintes datos:

VIII FESTIVAL NIGRANJAZZ

9 DE AGOSTO DE 2014

Auditorio da Foz do Miñor (A Ramallosa)

21:00 h

TELMO FERNÁNDEZ ORGAN TRÍO feat. PHIL WILKINSON

22:30 h

MAARTEN HOGENHUIS TRÍO

Escudo do Concello de Nigrán (adxunto ás bases).

Escudo da Deputación de Pontevedra (adxunto ás bases).

A organización substituirá, se fora necesario, os datos dos concertos no cartel final, respectando no posible a estética deste, e reservándose o dereito de cambiar de lugar e tamaño os escudos institucionais, así coma incorporar novos logotipos.

#### V.- TÉCNICA

A técnica a utilizar será libre dentro do límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica. No caso de resultar gañador, o autor ou autora deberá aportar a obra en formato vectorial ou imaxe .jpeg. .tiff a 350 ppp e a tamaño real.

#### VI.- PRAZOS

O prazo de presentación remata o vindeiro *Venres 11 de Xullo* ás 10.00 horas. Por cada obra recibida, o Concello de Nigrán contestará via e-mail acusando o recibo da mesma. Non serán admitidas as obras que se reciban con posterioridade á data e hora indicada, calquera que sexa a excusa do atraso.

O faio do xurado será ese mesmo día, que o comunicará ao gañador, informándolle tamén da cuantía do premio e do día de entrega do mesmo, que será na presentación do festival.

Winnifred's